

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE.- 1055/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dna. MARÍA LOUREIRO GARCÍA, en calidade de Alcaldesa- Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 12 de maio de 2022, relativo a Convocatoria para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 05/05/2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2022, con número de expediente: 1055/2022.

Vistas as Bases Xerais e anexo para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade.

Vistas as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 05/05/2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias.

Visto o resultado da selección da Oferta de Emprego con n.º 12-2022-5183 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a lista provisional de admitidos e excluídos, que sinala:

"(...) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	CERRATO AGRELO ADELA	NON EXENTA (Pode ser obxecto de subsanación)
2	GONZÁLEZ CHAO NEREA	EXENTA

B) EXCLUÍDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Motivo de exclusión	Proba de galego
1	IGLESIAS IGLESIAS PABLO FERNANDO	Non acreditar cumprir coa normativa vixente en materia de formación mínima e rexistro que se fixa para os socorristas acuáticos de Galicia. (Non cumprir co punto 3 das Bases Específicas).	EXENTA
2	VILAR GARCÍA BRAIS	a) Non cumprir co requisito de candidato remitido pola oficina pública de emprego, non sendo obxecto de posible subsanación. Tendo en conta que as presentes Bases se establecen ao abeiro da subvención outorgada a este Concello ao amparo ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se	EXENTA



Concello de Viveiro

	<p>establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G), na que se esixe que a oferta de emprego se realice a través da oficina pública de emprego, a constatación do cumprimento dos requisitos c) e d) será realizada pola oficina pública de emprego. (Non cumprir co punto 4 das Bases Xerais).</p> <p>b) Non acreditar cumprir coa normativa vixente en materia de formación mínima e rexistro que se fixa para os socorristas acuáticos de Galicia. (Non cumprir co punto 3 das Bases Específicas).</p>	
--	--	--

A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique. A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 5, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (5) cinco días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto...”

Vista a solicitude presentada en data 09 de xuño de 2022 de D. Pablo Fernando Iglesias Iglesias, engadindo o Título de patrón de embarcacións de recreo á solicitude de aspirante no proceseo selectivo presentada en data 19 de maio de 2022.

Vista a base xeral 8.3 que sinala “(...) **LISTA DEFINITIVA.-** Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

O feito de figurar na relación de admitidos non se estima que se lle recoñeza ao interesado a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo. No caso de que, no transcurso do proceso poidese desprenderse que non posúen algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento...”

Vista a base xeral 9, que sinala “(...) **PROBA DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.-** Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.

A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto...”

Vista a solicitude presentada en data 09 de xuño de 2022 de D. Pablo Fernando Iglesias Iglesias, engadindo o Título de patrón de embarcacións de recreo á solicitude de aspirante no proceseo selectivo presentada en data 19 de maio de 2022.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude presentada en data 09 de xuño de 2022, por presentar fora de prazo de subsanación e non sendo posible dita subsanación segundo se reflexa no punto 5 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro, así mesmo dita solicitude non subsana a causa de exclusión de dito proceso selectivo.

SEGUNDO.- Dictar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos:

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	CERRATO AGRELO ADELA	NON EXENTA
2	GONZÁLEZ CHAO NEREA	EXENTA

B) EXCLUÍDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Motivo de exclusión
1	IGLESIAS IGLESIAS PABLO FERNANDO	Non acreditar cumprir coa normativa vixente en materia de formación mínima e rexistro que se fixa para os socorristas acuáticos de Galicia. (Non cumprir co punto 3 das Bases Específicas).
2	VILAR GARCÍA BRAIS	a) Non cumprir co requisito de candidato remitido pola oficina pública de emprego, non sendo obxecto de posible subsanación. Tendo en conta que as presentes Bases se establecen ao abeiro da subvención outorgada a este Concello ao amparo ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G), na que se esixe que a oferta de emprego se realice a través da oficina pública de emprego, a constatación do cumprimento dos requisitos c) e d) será realizada pola oficina pública de emprego. (Non cumprir co punto 4 das Bases Xerais). b) Non acreditar cumprir coa normativa vixente en materia de formación mínima e rexistro que se fixa para os socorristas acuáticos de Galicia. (Non cumprir co punto 3 das Bases Específicas).

TERCEIRO.- Citar aos membros do Tribunal e aos aspirantes admitidos para que comparezan no salón de Plenos do Concello de Viveiro o **MÉRCORES DÍA 15 DE XUÑO DE 2022, ÁS 13:00 HORAS**, aos efectos de realizar a **proba de galego** á aspirante non exenta de dita proba.

CUARTO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital para o seu coñecemento.

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos cabe a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende a súa publicación.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, (órgano que nomea ao referido Tribunal), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)